

# INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2018/2019

## CENTROS ADSCRITOS / DE ADSCRICIÓN

(O centro de adscrición especificará aquí cales son os seus centros adscritos)  
(O centro adscrito especificará aquí cal é o seu centro de adscrición)

## CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2018/2019

### 1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA

1. **Reserva** de praza no centro de adscrición mediante a presentación do Anexo I no centro de orixe (exclusivo para o alumnado dos centros adscritos): **1-15 de febreiro**, ambos os dous incluídos.
2. Data do sorteo público de letra de prioridade dos apelidos a efectos de desempate: **última semana de febreiro**.
3. Publicación de postos escolares vacantes: **última semana de febreiro**.

### 2ª FASE: SOLICITUDE DE ADMISIÓN

4. Presentación da **solicitud de admisión** (para alumnado procedente doutros centros ou alumnado dos anteditos centros adscritos que non solicitaran a reserva no prazo indicado): **1-20 de marzo**.
5. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de houber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): **23 de marzo ao 9 de abril**, ambos os dous incluídos.
6. Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **antes do 25 de abril**.
7. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
8. Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **antes do 15 de maio**.
9. **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no Anexo II no 2º lugar e seguintes).

### 3ª FASE: MATRÍCULA

10. Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: **20 de xuño - 2 de xullo** (por ser o 30 de xuño día inhábil).
11. Formalización da **matrícula** en ESO e bacharelato: **25 de xuño-10 de xullo**.
12. Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: **1-10 de setembro**.

### 1ª FASE: SOLICITUDES DE RESERVA NO CENTRO DE ADSCRICIÓN (1-15 de febreiro)

- Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar a reserva de posto escolar no seu centro de adscrición, deberán presentar solicitud de reserva de posto escolar.
- **Esta solicitud poderán efectuala mediante un formulario normalizado, dun dos seguintes xeitos:**

- a) Entregando no centro solicitado en primeiro lugar o **Anexo I**, que pode recoller gratuitamente no centro ou ben descargar dende a páxina web da Consellería.
  - b) A través da sede electrónica da Xunta de Galicia:  
<https://sede.xunta.gal>
  - c) A través da aplicación web “admisionalumnado”:  
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
- A reserva adquirirá carácter vinculante polo que, se o/a alumno/a resultase admitido/a, deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición.
  - **A presentación desta solicitude de reserva será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro**, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
  - A presentación de solicitude de admisión noutro centro estando vinculado por reserva terá os efectos de perda da prioridade.

## 2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS (1-20 de marzo)

1. Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar**. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. **A infracción desta norma** (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro) **determinará a perda dos dereitos de prioridade** que poidan corresponderlle.
2. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:
 

**No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro.**
3. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:
 

**No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a renuncia á súa reserva, antes do 1 de marzo.**
4. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias nos seguintes lugares:
  - a) Entregando no centro solicitado en primeiro lugar o **Anexo II**, que pode recoller gratuitamente no centro ou ben descargar dende a páxina web da Consellería:  
[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/3anexos\\_formateadois\\_ed550b\\_g.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/3anexos_formateadois_ed550b_g.pdf)
  - b) A través da sede electrónica da Xunta de Galicia:  
<https://sede.xunta.gal>
  - c) A través da aplicación web “admisionalumnado”:  
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

## **NORMATIVA REGULADORA**

*DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26 de decembro de 2012)*

Ligazón (galego):

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001_gl.pdf)

Enlace (castellano):

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001_es.pdf)

*ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15 de marzo de 2013)*

Ligazón (galego):

[http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2014/01/29/orde\\_do\\_12\\_de\\_marzo\\_de\\_2013\\_de\\_desenvolvemento\\_admision.pdf](http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/01/29/orde_do_12_de_marzo_de_2013_de_desenvolvemento_admision.pdf)

Enlace (castellano):

[http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2014/01/29/orden\\_de\\_12\\_de\\_marzo\\_de\\_2013\\_castelan.pdf](http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/01/29/orden_de_12_de_marzo_de_2013_castelan.pdf)

*ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG 1 de febreiro de 2017)*

Ligazón (galego):

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170201\\_admision.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170201_admision.pdf)

Enlace (castellano):

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170201/AnuncioG0164-260117-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170201/AnuncioG0164-260117-0001_es.pdf)

## **ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES**

(PÓDENSE CONSULTAR NA SECRETARÍA DO CENTRO)

(Os centros poden solicitar ao Inspector responsable da Escolarización unha imaxe dixitalizada destas áreas, se desexan publicalas no espazo web do centro)

## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO**

(Incluír unicamente os servizos ofertados polo centro)

## **TRANSPORTE ESCOLAR**

Regulado na seguinte normativa:

- *Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG 27 de xuño de 1988)*

- *Orde do 15 de decembro de 1989 reguladora do transporte de escolares e obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.* (DOG 9 de xaneiro de 1990). Corrección de erros (DOG 1 de marzo de 1990)
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar.

## **COMEDOR ESCOLAR**

Regulado na seguinte normativa:

- *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.* (DOG 13 de agosto de 2013)
- *Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.* (DOG 5 de marzo de 2007)
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar.
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar.

<b>RECURSOS ESPECÍFICOS OU ESPECIAIS</b>
--

(Incluír unicamente no caso de que o centro dispoña deles)